


BASES XXX MARATÓN FOTOGRÁFICO



Participantes

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 16 anos que o desexen.

Formalización das inscricións

Do 1 de outubro ata o 17 de outubro de 2024, cubrindo o formulario online <https://forms.office.com/e/TBBvbdQU2i>

Documentación para formalizar a inscrición

Logo de cubrir o formulario de inscrición online, deberán enviar un correo-e a cultura.lugo@usc.gal coa seguinte documentación:

DNI escaneado

Certificado de conta bancaria

Modalidade

A. Tema libre

B. Tema proposto pola organización

O 20 de outubro, ás 9:30h, na Casa do Saber, comunicaráselles ás persoas inscritas o tema elixido pola organización.

As persoas inscritas que non asistan a esta reunión non poderán participar na modalidade libre. Poderán consultar o tema proposto pola

BASES XXX MARATÓN FOTOGRÁFICO

organización na páxina de Instagram de Lugo Cultural o día 20 de outubro a partir das 11:30h.

O formato para presentar as fotografías será dixital. As fotografías poderán ser en branco e negro ou en cor.

Entrega e selección das fotografías

Entregarase unha fotografía por cada modalidade. Non é obrigatorio presentar as dúas modalidades

As fotografías enviaranse ata o 21 de outubro ás 10:30h, por correo-e ou weTransfer a cultura.lugo@usc.gal. As fotos deberán remitirse en formato .jpg, cun máximo de 3.543x2.362 píxeles (equivalente a unha imaxe de 30 x 20 a 300 ppp).

As persoas participantes deberán poñerlle un título a cada fotografía.

O nome de ficheiro debera formarse coa modalidade e o título da fotografía, sen espazos nin acentos, e unidos por un guión baixo:
MODALIDADE(A/B)_TITULODAFOTOGRAFIA.JPG

Por exemplo: MODALIDADE(A)_MURALLANOCTURNA.JPG

Cada participante, deberá indicar cal das dúas fotografías selecciona para participar no voto do público. Deberá facelo constar cando entregue as fotografías

Premios*

Premio Carlos Valcárcel á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 350 €, trofeo e diploma

Premio Eduardo Ochoa á mellor fotografía do tema libre, dotado con 300 €, trofeo e diploma

Premio do Público á mellor fotografía de ambos os temas, dotado con 100 € e diploma.

**Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas pola normativa de xestión económica da USC.*

BASES XXX MARATÓN FOTOGRÁFICO

Haberá unha exposición na Biblioteca Intercentros durante o período do 11 de novembro ao 30 de xaneiro do 2025

Elixiranse 12 fotografías que formarán parte do calendario do ano 2025 de Lugo Cultural, que non teñen por que coincidir coas da exposición.

Entrega de premios

A data da entrega de premios será o 11 de novembro ás 20:30 horas na Biblioteca Intercentros (Sala de Investigadores)

O xurado encargado de decidir os premios será nomeado pola organización. A decisión do xurado será inapelable.

O Premio do Público será outorgado á fotografía que reciba máis votos o día da entrega de premios. Para isto, cada persoa das que acudan ao acto, terá á súa disposición a papeleta de votación que se entregará antes do acto. Unha vez comezada a visualización das fotografías non se entregarán máis papeletas de votación. En caso de empate o premio dividirase en partes iguais

As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela, que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo mención ás autoras ou autores.

As persoas participantes responsabilizaranse totalmente de que teñen os dereitos e autorizacións pertinentes da imaxe presentada

O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das bases. Calquera incidencia non prevista nelas será resolta pola organización.